

# AXENCIA PARA A CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA (ACSUG) Memoria de Actividades 2008





AXENCIA PARA A CALIDADE DO  
SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA (ACSUG)  
Memoria de Actividades 2008



Este documento é propiedade da ACSUG.  
Está permitida a reprodución total ou parcial do documento sempre que se cite o título deste e á ACSUG como editora.

Edita:

Axencia para a Calidade do  
Sistema Universitario de Galicia (ACSUG)  
Rúa Lamas de Abade, s/n - CIFP Compostela 5ª planta  
15702 Santiago de Compostela  
Teléfono: 981 534173 - Fax: 981 534174  
E-mail: [acsug@acsug.es](mailto:acsug@acsug.es) - Páxina Web: [www.acsug.es](http://www.acsug.es)



ACSUG dispón dun Sistema de Xestión de Calidade segundo a Norma ISO 9001:2000 certificado desde o 20/03/2006 e número de certificación EC-2346/06, co seguinte alcance:

- Apoio á certificación de unidades administrativas do Sistema Universitario de Galicia; Tramitación de complementos retributivos autonómicos e avaliación e informe de profesorado; Avaliación de titulacións, programas e servizos do Sistema Universitario de Galicia.



Diseño, maquetación y programación:

a referencia, S.L.

ISBN:

XXXXXX

Depósito Legal:

C-4576-2008

# ÍNDICE

Presentació	7
Objetivos. Misión e visión da ACSUG	9
Estrutura organizativa	11
Calidade interna e funcionamento da organización	19
Actividades relacionadas coa European Association for Quality Assurance in higher education (ENQA)	23
Actividades e programas realizados en 2008	25
Publicacións	41
Convenios	43
Cursos, xornadas e seminarios	45
Ingresos e gastos do exercicio	49

01



## Presentación

A presente memoria resume as actividades realizadas pola ACSUG durante o ano 2008.

Neste período de profundos cambios no ámbito do ensino universitario, a ACSUG centrou os seus esforzos en seguir traballando na mellora do Sistema Universitario de Galicia, consolidando para iso actividades xa implantadas en anos anteriores, así como impulsando outras novas, interesantes para incidiren no establecido na súa misión e visión.

Fomentar unha maior participación de todos os grupos de interese do Sistema Universitario de Galicia foi outro dos obxectivos do ano 2008, pois considérase que todas as opinións e distintos puntos de vista son necesarios para conseguir unha mellora a nivel global, así como para adaptarse á situación social de cada momento.

A ACSUG continuou tamén coa súa proxección fóra de Galicia, mediante a participación en diversos grupos de traballo, actividades conxuntas con outros organismos, xornadas, relatorios etc.

Agardamos que esta memoria, que reflicte todo o traballo e a ilusión do persoal da ACSUG no desempeño do seu labor, contribúa á difusión das diversas accións realizadas no ano 2008, destinadas á mellora da calidade do Sistema Universitario Galego.



## Objetivos. Misión e visión da ACSUG

A Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) nace como un consorcio administrativo por medio da Resolución do 12 de marzo de 2001 (DOG do 5 de abril de 2001), da Dirección Xeral de Universidades, pola que se publica o convenio de colaboración, asinado o 30 de xaneiro de 2001. Nesta mesma resolución publicáronse os Estatutos da ACSUG, onde se estableceu a súa estrutura, os órganos de goberno, os obxectivos e as actividades que debe realizar.

Coa entrada en vigor da Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se reforma a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, así como a entrada no Espazo Europeo de Educación Superior (EEES), aparece un novo contexto, e con el, novas competencias para os órganos de avaliación, que operan dentro do ámbito da garantía da calidade universitaria, o cal fai necesario que se emprendan diversas reformas na ACSUG, tanto normativas como procedementais.

Por iso, na reunión do Consello de Dirección da ACSUG do 14 de xullo de 2008, adoptouse o acordo polo que se aproba a modificación dos estatutos da Axencia, separando claramente os órganos de goberno dos de avaliación. Deste xeito, refórzase a independencia das decisións de avaliación da ACSUG con respecto das universidades e o goberno autonómico.

Neste último Consello de Dirección, aprobouse tamén o código ético da ACSUG, así como a súa misión e visión.

### MISIÓN


A Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) ten a misión fundamental de contribuír a mellorar a calidade do sistema universitario de Galicia (SUG), para o cal se levan a cabo accións de elaboración de informes, avaliación, certificación e acreditación das actividades que desenvolven as universidades galegas, especialmente as relacionadas coa docencia, a investigación, a transferencia de coñecemento e a xestión.

A ACSUG serve de soporte constante de recollida e canalización de información entre as universidades galegas, outras institucións e axentes sociais, e contribúe a que o SUG se manteña permanentemente actualizado e adaptado ás necesidades sociais cambiantes.

### VISIÓN

A ACSUG pretende ser un referente en canto á garantía de calidade das institucións de educación superior do SUG, e é recoñecida en Galicia, España e a nivel internacional pola súa independencia, transparencia e credibilidade.


03



# Estrutura organizativa

No seguinte gráfico podemos ver o organigrama da ACSUG.

Gráfico 1: Organigrama ACSUG.



Os órganos de goberno da Axencia son: o presidente do Consello de Dirección, o director da Axencia e o Consello de Dirección.

Tamén existe un órgano de asesoramento e planificación (Consello Técnico) e un órgano de avaliación (Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA)).

### **Presidente do Consello de Dirección**

O presidente do Consello de Dirección é o máximo representante institucional da Axencia. O seu cargo ten unha duración de dous anos. O presidente do Consello de Dirección da ACSUG (decembro 2008) é D. Guillermo Rojo Sánchez (Decreto 120/2007, do 12 de xuño).

### **Director da ACSUG**

O director da Axencia é o órgano executivo e o que se encarga de coordinar o traballo diario do persoal. O director da Axencia (decembro 2008) é D. Julio Ernesto Abalde Alonso (Orde do 21 de novembro de 2005).

### **Consello de Dirección**

É o órgano asesor en materia de avaliación da Axencia, e os seus membros (decembro 2008) son:



Táboa 1. Composición do Consello de Dirección.

<b>CONSELLO DE DIRECCIÓN</b>	
<b>(Vogais con voz e voto)</b>	
Presidente	D. Guillermo Rojo Sánchez
Conseleira de Educación e Ordenación Universitaria	D <sup>a</sup> . Laura Elena Sánchez Piñón
Director xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario	D. José Ramón Leis Fidalgo
Director Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación	D. Salustiano Mato de la Iglesia
Dous representantes designados pola Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria	D. Rogelio Conde-Pumpido Tourón (Director xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica do Sistema Universitario de Galicia) D <sup>a</sup> . María Isabel Doval Ruiz (Subdirectora Xeral de Universidades da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria) (Secretaria Consello Dirección)
Os reitores das tres universidades	D. José María Barja Pérez (UDC) D. Senén Barro Ameneiro (USC) D. Alberto Gago Rodríguez (UVI)
Os presidentes dos consellos sociais das tres universidades	D <sup>a</sup> . Felipa Jove Santos (UDC) D. Manuel Puga Pereira (USC) D. Emilio Atrio Abad (UVI)
Dous representantes designados pola Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación	D. Carlos Paulo Martínez Pereiro (UDC) D. Xoan Carmona Badía (USC)
<b>(Vogais con voz, pero sen voto)</b>	
Un representante designado por cada unha das universidades consorciadas	D. Manuel Peralbo Uzquiano (Vicerreitor de Calidade e Harmonización Europea da UDC) D <sup>a</sup> . María Dolores Álvarez Pérez (Vicerreitora de Calidade e Planificación Estratéxica da USC) D. Ángel Sánchez Bermúdez (Vicerreitor de Novas Tecnoloxías e Calidade da UVI)
O Director da ACSUG	D. Julio Ernesto Abalde Alonso
Secretario en funciones	Don Francisco Rico Rey Técnico da ACSUG,

## Consello Técnico

É o órgano asesor en materia de avaliación da Axencia, e os seus membros (decembro 2008) son:

### CONSELLO TÉCNICO

Táboa 2. Composición do Consello Técnico.

Os vicerreitores responsables de Calidade das universidades galegas:

- D. Manuel Peralbo Uzquiano, vicerreitor de Calidade e Harmonización Europea da UDC.
- D<sup>a</sup>. María Dolores Álvarez Pérez, vicerreitora de Calidade e Planificación da USC.
- D. Anxo Sánchez Bermúdez, vicerreitor de Innovación e Calidade da UVI.

A subdirectora xeral de Universidades da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria:

- D<sup>a</sup>. María Isabel Doval Ruíz.

A subdirectora xeral de Xestión do PGIDIT:

- D<sup>a</sup>. Xulía Guntín Araújo.

Un representante de cada universidade consorciada responsable da Unidade Técnica de Calidade ou a persoa designada pola universidade:

- D. Jesús Miguel Muñoz Cantero, director da Unidade Técnica de Calidade da UDC.
- D. Pedro Faraldo Roca, adxunto á vicerreitora de Calidade e Planificación da USC.
- D<sup>a</sup>. Ángeles Cancela Carral, directora da Área de Calidade da UVI.

Un representante do Consello Social de cada universidade consorciada:

- D<sup>a</sup>. Belén Rey Asensio, secretaria do Consello Social da UDC.
- D. José Benigno Carril Pérez, secretario do Consello Social da USC.
- D. Ignacio Rodríguez Iglesias, secretario do Consello Social da UVI.

ACSUG:

- D. Julio Ernesto Abalde Alonso, director da ACSUG.
- D<sup>a</sup>. Isabel Belmonte Otero, técnica da ACSUG (con voz, pero sen voto; apoio á secretaría).

## Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA)

Créase polo Decreto 270/2003, do 22 de maio, regulador da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, cuxa composición se fai pública a través de la Orde do 14 de xullo de 2003.

É o órgano encargado da emisión de informes, avaliación, certificación e acreditación, que conta co apoio de comités de asesores expertos para levar a cabo os procesos de avaliación.

Os seus membros (decembro 2008) son:



Táboa 3. Composición da CGIACA.

CGIACA
Presidente: Director xeral de Ordenación e Calidade do SUG: D. José Ramón Leis Fidalgo.
Vicepresidente: Director Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación: D. Salustiano Mato de la Iglesia.
5 vogais: 2 designados polo/a Conselleiro/a competente en materia de universidades. D <sup>a</sup> Margarita Estévez Toranzo. D. Javier De Vicente Remesal.
1 designado por cada universidad do SUG. UDC: D. Enrique Martínez Ansemil.
USC: D. Pedro Faraldo Roca.
UVI: D. Eduardo Godoy Malvar.
Secretario: Director ACSUG (Con voz, pero sin voto): D. Julio Ernesto Abalde Alonso.

Na seguinte táboa enuméranse as reunións celebradas polos órganos da ACSUG durante o ano 2008.

Táboa 4. Reunións dos órganos de Goberno

Órgano	Data	
Consello de Dirección	24/04/2008	Ordinaria
	14/07/02008	Ordinaria
	31/10/2008	Extraordinaria
	23/10/2008	Ordinaria
Consello Técnico	16/04/2008	Ordinaria
	18/12/2008	Ordinaria
CGIACA	29/01/2008	Ordinaria
	15/02/2008	Ordinaria
	13/03/2008	Extraordinaria
	23/05/2008	Ordinaria
	11/07/2008	Ordinaria
	10/10/2008	Ordinaria
	27/11/2008	Ordinaria

## Persoal da ACSUG

Durante o ano 2008 a ACSUG contou cun equipo humano composto polo director, Julio Ernesto Abalde Alonso, e por dezaseis traballadores/as, distribuídos nas seguintes áreas de traballo:

### GABINETE DE DIRECCIÓN

Técnico en gabinete de dirección  
López Lorenzo, Ana Isabel

Técnico en xestión de calidade  
Velón Sixto, Luís Carlos

### UNIDADE DE PROFESORADO

Técnico de profesorado  
Rico Rey, Francisco

Técnico de profesorado  
Bouso Montero, Lucía

Administrativa  
Millán Buceta, Sandra

Administrativa  
Lesta Chapela, Edurne

### UNIDADE DE PROGRAMAS

Técnica de programas  
Belmonte Otero, Isabel

Técnica de programas  
Ríos de Deus, María Paula

Técnica de programas  
Castro Pais, María Dolores

Técnica de programas  
Fernández Montes, María Carmen

### UNIDADE DE XESTIÓN

Técnico en AA. EE. e RR. HH.  
Martínez Lafuente, Aitor

Técnica informática  
Sierra Sánchez, María Dolores

Programadora  
Mallo Rey, Marta María

Técnico especialista en informática  
Baña Souto, José Manuel

Administrativa  
Couceiro Novais, María Virtudes

Administrativo  
Domínguez Martínez, Santiago

Táboa 5. Persoal da ACSUG



A sección de **Gabinete de Dirección** encárgase fundamentalmente de servir de apoio á dirección e controlar a calidade interna da ACSUG.

A **Unidade de Profesorado** ocúpase de xestionar as convocatorias sobre avaliación e informe da actividade investigadora, docente e de xestión do profesorado universitario, e da avaliación para a asignación das retribucións adicionais vinculadas a méritos individuais do profesorado funcionario e contratado doutor.

Á **Unidade de Programas** correspóndelle o desenvolvemento, entre outras actividades, de:

- Procesos de avaliación institucional das titulacións e servizos.
- Establecemento de procedementos de garantía interna de calidade dos centros.
- Dar a coñecer ao conxunto da comunidade universitaria a terminoloxía e os principios básicos do EEES.

- Desenvolvemento do programa de avaliación docente do profesorado universitario (Programa DO-CENTIA).
- Estudos de inserción laboral dos titulados universitarios do SUG.
- Facer unha análise e seguimento das capacidades en I+D asociadas ao ámbito universitario.

A **Unidade de Xestión** ocúpase do desenvolvemento das actividades de soporte da Axencia, que cómpren para un correcto desempeño das tarefas encomendadas á ACSUG.

### Comités de asesores expertos

Nos procesos de avaliación externa, a ACSUG conta coa colaboración de comités de asesores expertos, formados e seleccionados en función das características propias de cada avaliación e seguindo criterios comúns tales como a idoneidade, a experiencia, a formación, a paridade etc.

No seguinte gráfico móstrase o número de avaliadores que colaboraron coa ACSUG no ano 2008:

**Número de avaliadores expertos**




Gráfico 2: Número de avaliadores expertos.

04



## Calidade interna e funcionamento da organización

### Sistema de xestión interno

Durante o ano 2008 continuouse coa implantación, o mantemento e a mellora do **Sistema de Xestión da ACSUG** segundo a norma ISO 9001:2000. Así mesmo, coa aprobación da versión do 2008 da citada norma, fóronse analizando os cambios que haberá que realizar no sistema de cara ao ano 2009.

No ano 2008 integrouse definitivamente a norma ISO 14001:2004 no sistema de xestión e aprobáronse e establecéronse todos os procedementos necesarios, cos obxectivos fundamentais de procurar unha maior eficiencia enerxética, unha redución e un mellor aproveitamento dos consumos de materiais, unha correcta xestión dos residuos xerados e, en xeral, unha mellora continua do sistema de xestión.

Como en marzo do ano 2009 finalizan os tres anos de validez da certificación do sistema de xestión actual (segundo a norma ISO 9001:2000), decidiuse que no primeiro trimestre do ano 2009 se procederá a realizar a certificación externa das dúas normas (ISO 14001:2004 e ISO 9001:2008).

Salientamos, a seguir, algúns aspectos do funcionamento do sistema de xestión durante o ano 2008:

- a) **Formación:** A formación foi un aspecto importante que se tivo en conta no ano 2008 e de aí que se fixera un grande esforzo en formar o persoal, tanto en tarefas específicas de cada posto de traballo como en coñecementos xerais de calidade, prevención de riscos laborais e protección de datos. Realizáronse 1432 horas de formación entre os 16 traballadores da ACSUG que supoñen, daquela, unha media por traballador de 90 horas.
- b) **Implicación do persoal:** O persoal da ACSUG colaborou activamente na implantación do sistema de xestión mediante a participación nos obxectivos de calidade, execución dos indicadores de rendemento de cada actividade e coa proposta de cambios e melloras.
- c) **Auditorías:** No ano 2008 realizáronse dúas auditorías relativas ao sistema de xestión. O 26/02/2008 realizouse a auditoría de seguimento do ano 2008 por parte da empresa certificadora do sistema de xestión. Adicionalmente, e segundo o planificado, en decembro de 2008 levouse a cabo unha auditoría interna moi importante, pois é a primeira que se realizaba tendo en conta as dúas normas ISO de calidade e medio. Nos informes de resultados das dúas auditorías, os auditores responsables reflectiron como resultado global que o sistema está ben organizado e se está a implantar axeitadamente.

d) **Medición da satisfacción dos clientes/usuarios**

	NUM. ENQUISAS	VALORACIÓN (DO 1 AO 5)
<b>TOTAL</b>	<b>88</b>	<b>4,73</b>

e) **Melloras levadas a cabo:** Pódense citar varias mello-  
ras a nivel interno levadas a cabo durante o ano 2008:

- O Sistema Integrado de Xestión é unha realidade desde o 01/09/08, cando se realizou a implantación definitiva na ACSUG.
- Continuación cos trámites e os cambios necesarios para adaptar a ACSUG segundo os criterios e as directrices de ENQA: durante todo o 2008 fóronse realizando os cambios necesarios nos procedementos da ACSUG e levouse a cabo un proceso de autoavaliación.
- Desenvolveuse unha aplicación informática para crear unha base de datos do sistema de arquivo da ACSUG, ordenar a documentación e facilitar o acceso a esta.
- Establecemento dun directorio telefónico xeral común.
- Reforma da entrada exterior da ACSUG para facilitar a entrada a persoas diminuídas e mellorar de xeito global o seu aspecto.

f) **Obxectivos de calidade de cara ao ano 2009:** Apro-  
báronse de cara ao ano 2009 os seguintes obxectivos de calidade:

- Certificación externa do Sistema de Xestión Integrado da ACSUG segundo as normas ISO 9001:2008 e ISO 14001:2004.
- Continuación co proceso iniciado, relacionado coa inclusión da ACSUG na ENQA, realizando positivamente a avaliación externa e pasando a formar parte de ENQA como membro de pleno dereito.

- Incidir na medición da satisfacción, tanto interna como externa, do persoal da ACSUG, clientes e usuarios, e ampliar o campo de acción a colectivos non consultados habitualmente caso do alumnado e do profesorado.
- Ampliar os criterios de calidade utilizados, coa realización dun proceso de autoavaliación da ACSUG respecto do modelo EFQM.
- Mellorar o servizo de avaliación e acreditación de profesorado coa realización dunha nova aplicación informática.

g) **Obxectivos de medio de cara ao ano 2009:** Apro-  
báronse de cara ao ano 2009 os seguintes obxectivos de medio:

- Redución do consumo anual de electricidade da ACSUG un 3%
- Redución do consumo anual de calefacción da ACSUG un 3%
- Redución do consumo anual de auga da ACSUG un 4%.
- Formación e concienciación ambiental do 100% do persoal
- Redución do consumo anual de plástico un 25%
- Redución do consumo anual de papel un 2%

**Outras normas implantadas relacionadas con melloras da calidade e a xestión:**

A ACSUG ten implantadas a Lei de prevención de riscos laborais (LPRL) e mais a Lei de protección de datos (LOPD). En abril de 2008 levouse a cabo unha auditoría externa de protección de datos, na que se puido comprobar o cumprimento da ACSUG no referente a este tema.





05



ACSUC



## Actividades relacionadas coa European Association for Quality Assurance in higher education (ENQA)

A ACSUG solicitou en novembro de 2006 a entrada na European Association for Quality Assurance in Higher Education (ENQA).

Para formar parte de ENQA hai que cumprir cos “Criterios e Directrices para a Garantía de Calidade no Espazo Europeo de Educación Superior” que establecen as bases que deben cumprir as axencias en canto á realización de actividades de garantía externa de calidade na educación superior, independencia, procesos de responsabilidade e garantía interna implantados nelas, e que indican un compromiso por parte da axencia coa calidade, a mellora continua e a realización eficaz e eficiente dos seus servizos e actividades.

O 27 de febreiro de 2007 a ACSUG foi aceptada como membro candidato da ENQA, momento desde o que dispuña dun prazo de dous anos para realizar as adaptacións necesarias e levar a cabo unha autoavaliación e avaliación externa para poder certificar a súa presenza no organismo como membro de pleno dereito.

Durante o ano 2008 finalizouse o proceso de autoavaliación na ACSUG e estableceuse por parte da ENQA a realización da avaliación externa para os meses de febreiro ou marzo de 2009.

Os obxectivos fundamentais da avaliación externa son:

1) Comprobar o cumprimento, por parte da ACSUG, dos criterios e directrices europeos e poder formar parte da ENQA como membro de pleno dereito.

2) Utilizar a información recompilada, tanto interna como externa, para incidir na mellora continua das actividades e como método de rendición de contas á sociedade coa achega dunha maior transparencia.

A inclusión como membro de pleno dereito da ENQA suporía unha confirmación da calidade das actividades e servizos levados a cabo e un recoñecemento por parte doutras axencias e da sociedade en xeral do bo labor realizado pola ACSUG. Alén diso, ser membro da ENQA avaliado externamente facilita o acceso ao Rexistro Europeo de Axencias de Calidade (EQAR).

A ACSUG implicouse durante o ano 2008 na participación en reunións e actividades organizadas pola ENQA:

- 1) Participación da ACSUG no grupo de traballo “IQA group” integrado por representantes de varias axencias de calidade universitaria de Europa e no cal se tratan aspectos relacionados coas vantaxes e utilidades dos sistemas de xestión interna de calidade implantados nas respectivas axencias. Asistiuse á reunión anual do IQA group en Barcelona os días 14 e 15 de abril.
- 2) Participación nunha xornada sobre “resultados de avaliacións externas en axencias” en París os días 10 e 11 de xullo.
- 3) Asistencia os días 25 e 26 de setembro á 10ª asemblea xeral da ENQA en Viena.
- 4) Participación no 3º European Quality Assurance Forum co tema “Trends in Quality Assurance” entre o 20 e 22 de novembro de 2008 en Budapest. Neste foro presentouse un traballo sobre sistemas de garantía interno de calidade nas universidades.

06



## Actividades e programas realizados en 2008

### UNIDADE DE PROFESORADO

#### Avaliación ou informe para a contratación do persoal docente e investigador

No ano 2008 desenvolveuse a convocatoria anual de avaliación para a contratación como profesor universitario das universidades integrantes do SUG, segundo a Resolución do 9 de maio publicada no DOG do 27 de maio do 2008.

Con respecto á convocatoria anual anterior hai que sa lientiar que o volume de solicitantes no 2008 diminuíu considerablemente (43,72%). Isto é debido a que coa entrada en vigor da Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, que modifica a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, se modifican algúns aspectos relativos aos artigos reguladores das avaliacións previas necesarios para poder ser contratado como profesor universitario.

En relación coas novidades máis significativas, cabe indicar que para solicitar a avaliación para a figura de contratado doutor xa non cómpre acreditar como mínimo tres anos de experiencia posdoutoral. Con respecto á avaliación para a figura de axudante doutor farase referencia expresa á puntuación que obteña a persoa solicitante nesta epígrafe do baremo desta figura, relativo a estas días en centros autonómicos, nacionais e internacionais.

E, por último, a novidade que máis afectou ao descenso de solicitantes nesta convocatoria, é a imposibilidade de emitir por parte da Axencia o informe para a figura de profesor colaborador, mentres o goberno non establecer o regulamento relativo ás condicións e aos prazos en que as universidades de modo excepcional poderán contratar profesorado colaborador, de conformidade co establecido na disposición transitoria segunda da Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril pola que se modifica a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

Por iso, nestes momentos as persoas solicitantes só se poden presentar a tres figuras contractuais, o cal diminuíu nun 54,54% o volume de solicitudes.

ACTIVIDADES E PROGRAMAS  
REALIZADOS EN 2008




Gráfico 3: Número total de solicitantes e solicitudes por figura. (CD: contratado doutor, AD: axudante doutor, UP: universidade privada).




Gráfico 4: Resultados finais de Acreditación de Profesorado (CD: contratado doutor, AD: axudante doutor, UP: universidade privada).

### Avaliación e informe para a progresión e consolidación do profesorado colaborador contratado polas universidades do SUG.

A través da Orde do 22 de abril de 2008 (DOG do 5 de maio de 2008) establécese o procedemento que hai que seguir por parte da ACSUG para a emisión do informe previo á prórroga dos contratos de profesores colaboradores das universidades públicas de Galicia, así como para a emisión da avaliación previa á adquisición do carácter indefinido dos referidos contratos, de conformidade co establecido no artigo 6 do Decreto 266/2002, do 6 de setembro, de contratación de profesorado universitario, e nos artigos 9 e 10 do Decreto 270/2003, do 22 de maio, regulador da ACSUG.

- **Informe previo á prórroga do contrato de profesora ou profesor colaborador/a:** Poden solicitalo todas aquelas persoas que estiveren contratadas por algunha das universidades públicas de Galicia como profesores colaboradores e se atoparen no último ano do período inicial máximo de catro anos de contrato ao que se refire o artigo 6.2 do Decreto 266/2002, do 6 de setembro, de contratación de profesorado universitario.
- **Avaliación previa á adquisición do carácter indefinido do contrato de profesora ou profesor colaborador:** Poden solicitalo todos aquelas persoas que tivesen prorrogado o seu contrato como profesores colaboradores por algunha das universidades públicas de Galicia, de conformidade co establecido no artigo 6.2 do Decreto 266/2002, do 6 de setembro, de contratación de profesorado universitario.

No ano 2008 presentáronse 9 solicitudes, das cales 2 foron do ámbito de ciencias da saúde e 7 de enxeñaría e arquitectura.

### Complementos retributivos autonómicos

A Lei orgánica 6/2001 do 21 de decembro, de universidades determina que as comunidades autónomas poderán establecer -artigo 55 (persoal docente e investigador contratado) e artigo 69 (persoal docente e investigador funcionario)- retribucións adicionais vinculadas a méritos individuais docentes, investigadores e de xestión.

En desenvolvemento destes dous artigos, publicouse o Decreto 55/2004 do 4 de marzo, polo que se establecen as retribucións adicionais vinculadas a méritos individuais docentes, investigadores e de xestión do profesorado universitario, co fin de establecer o réxime destes complementos retributivos autonómicos. Establécese catro tipos de complementos: complemento de recoñecemento ao labor docente (CLD), complemento de recoñecemento ao labor investigador (CLI), complemento de recoñecemento á excelencia curricular docente e investigadora (CEC) e complementos de recoñecemento polos cargos de xestión (CEX).

### Complemento de recoñecemento ao labor docente e ao labor investigador

Estes complementos foron os primeiros en desenvolverse ao se realizaren dúas convocatorias anuais desde o ano 2004. O seu obxecto é incentivar o labor docente e investigador desenvolvidos no SUG. Pódese presentar todo o persoal funcionario e contratado doutor das universidades galegas que cumpriren os requisitos previamente establecidos nas convocatorias.

ACTIVIDADES E PROGRAMAS  
REALIZADOS EN 2008

**1º convocatoria 2008:** Resolución do 11 de febreiro do 2008 (DOG 28/02/08). Os resultados obtidos analízanse por solicitantes e por resultados nas seguintes táboas:

Universidade	SOLICITUDES CLD	SOLICITUDES CLI	TOTAL SOLICITUDES
UDC	14	13	27
USC	26	27	53
UVI	9	9	18
<b>TOTAIS</b>	<b>49</b>	<b>49</b>	<b>98</b>

Taboa 6: Distribución de solicitudes por tipo de complemento e por universidade (1ª convocatoria).

Universidade	TOTAL SOLICITUDES	RESULTADOS TOTAIS	
		CUMPREN	NON CUMPREN
UDC	27	16	11
USC	53	45	8
UVI	18	16	2
<b>TOTAIS</b>	<b>98</b>	<b>77</b>	<b>21</b>

Taboa 7: Distribución de solicitudes por universidade e por resultado (1ª convocatoria).

Universidade	SOLICITUDES CLD	DISTRIBUCIÓN RESULTADOS CLD	
		CUMPREN	NON CUMPREN
UDC	14	8	6
USC	26	23	3
UVI	9	8	1
<b>TOTAIS</b>	<b>49</b>	<b>39</b>	<b>10</b>

Taboa 8: Distribucións das solicitudes do complemento labor docente por universidade e por resultado (1ª convocatoria).

Universidade	SOLICITUDES CLI	DISTRIBUCIÓN RESULTADOS CLI	
		CUMPREN	NON CUMPREN
UDC	13	8	5
USC	27	22	5
UVI	9	8	1
<b>TOTAIS</b>	<b>49</b>	<b>38</b>	<b>11</b>

Taboa 9: Distribucións das solicitudes do complemento labor investigador por universidade e por resultado (1ª convocatoria).



ACTIVIDADES E PROGRAMAS  
REALIZADOS EN 2008

**2º convocatoria 2008:** Resolución do 27 de agosto do 2008 (DOG 03/09/08). Os resultados obtidos analízanse por solicitantes e por resultados mostrándose a continuación:

Taboa 10: Distribución de solicitudes por tipo de complemento e por universidade (2ª convocatoria).

Figura / Universidade	SOLICITUDES CLD	SOLICITUDES CLI	TOTAL SOLICITUDES
UDC	9	12	21
USC	9	11	20
UVI	27	28	55
<b>TOTAIS</b>	<b>45</b>	<b>51</b>	<b>96</b>

Taboa 11: Distribución de solicitudes por universidade e por resultado (2ª convocatoria).

Figura / Universidade	TOTAL SOLICITUDES	RESULTADOS TOTAIS	
		CUMPREN	NON CUMPREN
UDC	21	17	4
USC	20	20	0
UVI	55	47	8
<b>TOTAIS</b>	<b>96</b>	<b>84</b>	<b>12</b>

Taboa 12: Distribución das solicitudes do complemento labor docente por universidade e por resultado (2ª convocatoria).

Figura / Universidade	SOLICITUDES CLD	DISTRIBUCIÓN RESULTADOS CLD	
		CUMPREN	NON CUMPREN
UDC	9	7	2
USC	9	9	0
UVI	27	23	4
<b>TOTAIS</b>	<b>45</b>	<b>39</b>	<b>6</b>

Taboa 13: Distribución das solicitudes do complemento labor investigador por universidade e por resultado (2ª convocatoria).

Figura / Universidade	SOLICITUDES CLI	DISTRIBUCIÓN RESULTADOS CLI	
		CUMPREN	NON CUMPREN
UDC	12	10	2
USC	11	11	0
UVI	28	24	4
<b>TOTAIS</b>	<b>51</b>	<b>45</b>	<b>6</b>

Finalmente, podemos salientar que nestas dúas convocatorias a maioría de solicitantes pertencen á categoría de contratados doutores, posto que á maior parte do funcionariado xa se lle recoñeceron estes complementos en primeiras convocatorias, o que implica, así mesmo, unha diminución no volume de solicitudes.

### Complemento de recoñecemento á excelencia curricular e complemento retributivo de recoñecemento por cargos de xestión

En desenvolvemento do Decreto 55/2004, do 4 de marzo antes citado, apróbase a **Orde do 16 de outubro de 2006 (DOG do 26 de outubro)**, pola que se publica o protocolo de avaliación elaborado pola CGIACA e que fai referencia aos criterios e aos méritos para a valoración previa á asignación dos complementos de recoñecemento á excelencia curricular docente e investigadora e de recoñecemento polos cargos de xestión.

No ano 2008 resolveuse a terceira convocatoria do **complemento de recoñecemento á excelencia curricular** do-

cente e investigadora (Resolución do 9 de xuño do 2008, publicada no DOG do 19 de xuño). Para o recoñecemento e asignación deste complemento, téñense en conta os quinquenios e os sexenios que posúa a persoa solicitante (valoración básica) así como os méritos adicionais relacionados coa docencia e a investigación (**valoración adicional**), seleccionados por cada solicitante e correspondentes ao período de cinco anos establecido na convocatoria.

As persoas solicitantes contan con ampla información sobre o procedemento a través da nosa páxina web, onde se lles facilita, así mesmo, a posibilidade de cubriren as súas instancias mediante unha aplicación informática de doado acceso.

Para a adopción das correspondentes resolucións por parte da CGIACA, esta conta co asesoramento dos **comités de expertos**, que coinciden cos cinco grandes campos científicos nos cales se recollen todas as áreas de coñecemento. Cada comité conta cun total de cinco membros (o/a presidente/a, o/a secretario/a e tres vogais) dos cales o/a presidente/a é o único que poderá pertencer ao Sistema Universitario de Galicia.



ACTIVIDADES E PROGRAMAS  
REALIZADOS EN 2008

Táboa 14: Táboa xeral de solicitantes: resultados positivos, negativos, por universidade e por tramos totais. Coincidindo con esta premisa, pódese comprobar como as solicitudes presentadas diminuíron considerablemente nesta convocatoria do ano 2008, de tomarmos como referencia a primeira convocatoria do 2006. Isto será diferente no 2009, pois prevese un incremento de solicitudes presentadas dado que se cumpren tres anos desde a primeira convocatoria e existirá a posibilidade de que algúns profesores do SUG, poidan someter os seus expedientes a revisión por vez primeira.

UNIVERSIDADE	SOLICITUDES	RESOLUCIÓN NEGATIVAS	RESOLUCIÓN POSITIVAS	TRAMOS													
				01	02	03	04	05	06	07	08	09	10	11	12	13	14
UDC	23	2	21		2	8	8	2	1								
USC	41		41	1	10	18	11	1									
UVI	27		27	1	5	11	6	3		1							
TOTAL	91	2	89	1	8	29	32	16	2	1							

O complemento retributivo por cargos de xestión valora o desempeño daqueles cargos recoñecidos previamente pola CGIACA e publicados no DOG. Trátase dun complemento consolidable, ao que se poderán ir sumando progresivamente novos puntos até alcanzar o máximo de 8 puntos/tramos. No ano 2008 desenvolveuse a 2ª convocatoria do devandito complemento (Resolución do 11 de abril de 2008, publicada no DOG do 28 de abril).

Táboa 15: Nesta convocatoria obtívose un 13% de resultados negativos fronte ao 87% con resultado positivo, valores moi similares aos obtidos na convocatoria do 2007. A explicación vén determinada pola propia natureza do complemento que se rexe por uns criterios obxectivos que a persoa solicitante coñece de antemán, o cal determina que xeralmente presenten as súas solicitudes aqueles que se adaptan a estes criterios preestablecidos.

UNIVERSIDADE	SOLICITUDES	RESOLUCIÓN NEGATIVAS	RESOLUCIÓN POSITIVAS	TRAMOS									
				≥ 0,50	≥ 1	≥ 2	≥ 3	≥ 4	≥ 5	≥ 6	≥ 7	≥ 8	
UDC	32	8	24	7	6	7	3	0	1	0	0	0	
USC	74	8	66	9	21	15	9	6	4	1	1	0	
UVI	68	6	62	16	24	12	4	0	4	0	1	1	
TOTAL	174	22	152	32	51	34	16	6	9	1	2	1	

## UNIDADE DE PROGRAMAS

### Avaliación institucional

#### Titulacións

En 2008 publicouse o Informe final de Programa de Avaliación Institucional (PEI-ACSUG) 2004-2007. No documento preséntase un resumo do proceso de avaliación realizado ao longo destes anos, así como unha análise das 40 titulacións avaliadas. Para realizala revisáronse os informes de avaliación destes títulos, así como os datos de inserción laboral dos titulados nos períodos 2001-2003 e 2003-2005.

Coa publicación deste informe dáse por finalizado o PEI-ACSUG que, ante os novos retos do EEES, se transforma noutros programas que se centran na garantía interna da calidade das ensinanzas, como o Programa FIDES-AUDIT ou o Programa DOCENTIA que se desenvolven na ACSUG.

#### Servizos

Como continuación ás actividades desenvolvidas en 2007 en colaboración co Club de Excelencia en Gestión (CEG), en xuño de 2008 realizouse o curso de formación **Avaliadores EFQM-Nivel acreditado** en que participou persoal das unidades de calidade das tres universidades galegas e persoal da ACSUG.

Os principais obxectivos deste curso foron:

- Asimilar os conceptos básicos da excelencia en xestión e adquirir coñecementos en profundidade do Modelo EFQM de Excelencia.
- Capacitar para formar parte dun equipo de profesionais da avaliación e poder avaliar unha empresa ou organización mediante o Modelo EFQM de Excelencia.

- Adquirir un coñecemento profundo da metodoloxía da autoavaliación como ferramenta de diagnóstico.
- Obter a capacitación como persoal avaliador e a acreditación desta, para poder solicitar a admisión no Club de Avaliadores.

Unha vez que tanto as universidades como o persoal da ACSUG adquiriron a formación necesaria no Modelo EFQM, o seguinte paso é comezar coa avaliación dos servizos aplicando esta metodoloxía. Esta actividade non se desenvolveu en 2008 ao ter que priorizar as universidades outras cuestións e centrar os seus esforzos na adaptación das titulacións ao EEES.

### Sistemas de Garantía Interna de Calidade (Programa FIDES-AUDIT)

O 15 de xuño de 2007 ábrese a primeira convocatoria do programa FIDES-AUDIT, dirixida aos centros das universidades do SUG coas seguintes características:

- Centros en que algunha das titulacións participase en experiencias piloto de adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior.
- Centros en que se estean a impartir programas oficiais de posgrao.
- Centros en que se vaian implantar programas oficiais de posgrao o curso seguinte.
- Centros que xa dispoñan de accións implantadas de sistemas de garantía de calidade.

Desde a ACSUG, recomendouse a participación de entre 3 e 5 centros por universidade, en función da capacidade de coordinación das unidades técnicas de calidade de cada unha das universidades. En total 43 centros presentaron solicitude (finalmente a USC anulou as súas solicitudes alegando falta de tempo para a elaboración dos SGIC).



Ao longo do mes de setembro de 2007, cada centro, co asesoramento da ACSUG e o da unidade técnica de calidade da súa universidade, traballou na composición, nomeamento, aprobación e establecemento das funcións da comisión de garantía interna de calidade, para, a partir do mes de outubro, realizar o deseño que terá que se presentou na ACSUG para a súa avaliación.

Os centros que participaron na 1ª convocatoria de avaliación do deseño dos SGIC, que se detallan na seguinte táboa, contaron con dúas posibles datas de entrega da documentación e consecuente avaliación. A primeira delas foi até o 15 de febreiro de 2008 e a seguinte até o 15 de maio dese mesmo ano.

Táboa 16: Centros que participan na 1ª convocatoria do Programa FIDES-AUDIT

CENTROS QUE PARTICIPAN NA 1ª CONVOCATORIA DO PROGRAMA FIDES-AUDIT		
UNIVERSIDADE	CENTROS	TOTAL CENTROS
UDC	Fac. de Filoloxía (A Coruña)	24
	ETS de Náutica e Máquinas (A Coruña)	
	ETS de Arquitectura (A Coruña)	
	Fac. de Ciencias Económicas e Empresariais (A Coruña)	
	Fac. de Socioloxía (A Coruña)	
	Fac. de Informática (A Coruña)	
	Fac. de Ciencias da Saúde (A Coruña)	
	Fac. de Ciencias da Comunicación (A Coruña)	
	Fac. de Dereito (A Coruña)	
	Fac. de Ciencias da Educación (A Coruña)	
	EU de Arquitectura Técnica (A Coruña)	
	EU de Fisioterapia (A Coruña)	
	EU de Enfermaría "Juan Canalejo" (A Coruña)	
	Fac. de Ciencias (A Coruña)	
	EU de Relacións Laborais (A Coruña)	
	Fac. de Humanidades (Ferrol)	
	EU Politécnica (Ferrol)	
	EU de Enfermaría e Podoloxía (Ferrol)	
	EU de Deseño Industrial (Ferrol)	
	Escola Politécnica Superior (Ferrol)	
EU de Turismo (A Coruña)		
Fac. de CC. do Deporte e da Educación Física (A Coruña)		
EU de Estudos Empresariais (A Coruña)		
EU de Relacións Laborais (Ferrol)		
UVI	Fac. de Ciencias Empresariais e Turismo (Ourense)	11
	Fac. de Ciencias (Ourense)	
	Fac. de Ciencias da Educación e do Deporte (Pontevedra)	
	Fac. de Ciencias Sociais e da Comunicación (Pontevedra)	
	EU de Enxeñaría Técnica Forestal (Pontevedra)	
	Fac. de Ciencias Económicas e Empresariais (Vigo)	
	ETS de Enxeñaría de Minas (Vigo)	
	Fac. de Bioloxía (Vigo)	
	ETS de Enxeñaría Industrial (Vigo)	
	ETS de Enxeñaría de Telecomunicación (Vigo)	
Fac. de Belas Artes (Pontevedra)		

Para levar a cabo o proceso de avaliación dos SGIC creáronse dúas comisións de avaliación, constituídas segundo os criterios previamente establecidos e publicados na nosa páxina.

As comisións están compostas por vogais académicos e profesionais, alén de persoal técnico da ACSUG que participan como secretarías.

COMISIÓN 1	COMISIÓN 2
Presidente Jesús Féliz Mindán (Universidade Politécnica de Madrid)	Presidente Rafael Suau Suárez (Universidade de Málaga)
Vogal Académica Paloma Sobrado Calvo (Universidade de Murcia)	Vogal Académica Fuensanta Hernández Pina (Universidade de Murcia)
Vogal Académico Juan Carlos Zubieta Irún (Universidade de Cantabria)	Vogal Académico Juan José Cubero Marín (Universidade de Zaragoza)
Profesional Mónica Rodríguez Gavín (Externaliza)	Profesional Marta González Moldes (Trillium Consultores)
Secretaria María Dolores Castro Pais (ACSUG)	Secretaria María Paula Ríos de Deus (ACSUG)

Táboa 17: Composición das comisións de avaliación dos SGIC

Tras finalizar o proceso de avaliación, só dous SGIC participantes non obtiveron valoración positiva: ETS de Náutica e Máquinas (A Coruña) e Fac. de Humanidades (Ferrol)

En xullo de 2008 e en xaneiro de 2009 fixéronse oficiais os informes finais dos SGIC presentados nas dúas datas citadas anteriormente, tras reunión da Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA) que ratifica a valoración das comisións de avaliación.

Está previsto, que en xaneiro de 2009 saia publicada a 2ª convocatoria de avaliación do deseño dos SGIC e dentro do primeiro semestre dese mesmo ano, se proceda á entrega de certificados FIDES-AUDIT a aqueles centros cuxo SGIC fose avaliado e considerado ben definido, coherente coas directrices do programa e apoiado nunha estrutura organizativa capaz de o implementar, para garantir o cumprimento dos compromisos de calidade asumidos por parte das distintas universidades. Esta entrega realizarase de forma conxunta entre a ACSUG, a ANECA, AQU Catalunya e a CRUE.

O Programa FIDES-AUDIT formulouse como unha proposta de carácter voluntario para os centros; por iso resulta interesante salientarmos que a decembro de 2008, o 41,25% dos centros das universidades galegas superaron a avaliación do deseño do SGIC, para comezar a traballar no proceso de implementación, o cal reflicte a grande acollida que tivo nas universidades de Galicia, de tal xeito que está previsto que no ano 2010 todos os centros das universidades do SUG teñan implantado un SGIC.

### Programa DOCENTIA

En marzo de 2007 as axencias de avaliación autonómicas e a ANECA, poñen en marcha o Programa de Apoio á Avaliación da Actividade Docente do Profesorado Universitario (DOCENTIA) co propósito de atenderen as demandas das universidades e á necesidade do sistema educativo de dispor de mecanismos para xestionar a calidade da actividade docente do profesorado universitario e favorecer o seu desenvolvemento e recoñecemento.

As universidades da Coruña (UDC), Santiago de Compostela (USC), e Vigo (UVI) participan no Programa DOCENTIA poñendo de manifesto, unha vez máis, o compromiso das nosas institucións coa mellora dos procesos de avaliación da calidade do profesorado.

Nos primeiros meses de 2008 realizouse, polas comisións de avaliación nomeadas conxuntamente pola ANECA e as axencias de avaliación autonómicas, a avaliación dos procedementos presentados polas universidades na convocatoria de 2007, entre os que están os das universidades galegas.

Entre maio e setembro de 2008 as universidades do SUG recibiron os seus respectivos informes verificando que os seus deseños cumpren coas directrices do programa DOCENTIA, co que están en disposición de comezar coa fase de implantación dos seus deseños de avaliación da actividade docente de cara á súa certificación pola ACSUG e a ANECA a partir de 2010.

Finalmente, entre os meses de outubro e novembro, e co fin de orientar as universidades no seguimento da implantación dos seus deseños, DOCENTIA aprobou o documento **Directrices para o seguimento da implantación de deseños**, que recolle as accións que han de guiar o seguimento da implantación dos deseños avaliados favorablemente no marco do programa.

## Inserción laboral

No ano 2008, continúaase co proxecto xeral de seguimento da situación laboral dos titulados no SUG, cuxo principal obxectivo é coñecer a realidade laboral dos titulados do SUG, así como obter unha visión retrospectiva do seu paso pola universidade.

Inicialmente, comezouse o proxecto analizando a situación dos titulados comprendidos entre os cursos 1996-1997 até o 2000-2001, para posteriormente facelo sobre períodos bianuais 2001-2003 e 2003-2005. Finalmente, estableceuse en períodos anuais e realizouse por primeira vez ao longo do ano 2008 o estudo da inserción laboral dos titulados no SUG correspondentes ao curso académico 2005-2006. Deste xeito garántese que todos os titulados obxecto de estudo levan aproximadamente no mundo laboral un período comprendido entre un ano e medio e dous anos.

Outra característica que cómpre salientar dos últimos tres estudos realizados é o emprego do mesmo cuestionario, con pequenas modificacións, o cal facilita as posteriores análises comparativas.

**Datos técnicos do estudo de inserción laboral dos titulados do SUG 2005-2006: Poboación:** titulados no SUG no curso académico 2005-2006.

Táboa 18: Poboación e mostra de titulados no SUG no curso académico 2005-2006 por rama de coñecemento

Rama/ Universidade	Poboación			Mostra		
	UDC	USC	UVI	UDC	USC	UVI
Ciencias	105	384	261	66	212	166
Ciencias da Saúde	293	830	254	170	323	149
Ciencias Sociais e Xurídicas	1488	1826	1826	684	894	963
Enxeñaría e Arquitectura	902	530	851	498	317	446
Artes e Humanidades	112	367	251	77	241	156
<b>Total</b>	<b>2900</b>	<b>3937</b>	<b>3443</b>	<b>1495</b>	<b>1987</b>	<b>1880</b>
	<b>10280</b>			<b>5362</b>		

**Ámbito xeográfico:** Non pertence a unha zona xeográfica concreta, xa que os titulados no SUG non teñen por que ser necesariamente residentes en Galicia.

**Unidade de mostraxe/unidade informante:** Son a mesma; cada un dos titulados no SUG durante os cursos estudados. A estes accedeuse a través de listaxes proporcionadas por cada unha das universidades a finais do 2007.

**Deseño da mostra:** Realizouse unha mostraxe estratificada que determinaba a mostra por título e campus. O tamaño calculouse para a estimación de parámetros de proporción na poboación, cun erro máximo absoluto do 10% en título e campus.

**Recolla de información:** Realizouse mediante entrevista telefónica. As devanditas entrevistas telefónicas foron realizadas pola empresa CALLCENTER, Centro de Atención de Llamadas S.A., desde o 5 de maio até o 30 de maio do 2008.

Logo da realización do traballo de campo procedeuse á análise de resultados e presentáronse os devanditos resultados para o global do SUG e desagregados por ramas de coñecemento: ciencias, ciencias da saúde, ciencias sociais e xurídicas (I, II, III e IV) e artes e humanidades (I e

II). Está prevista a presentación dun primeiro avance de resultados en febreiro do 2009 e posteriormente, realizar a publicación do informe final de resultados.

Tamén no ano 2009 está previsto o envío a cada universidade dun informe cos resultados obtidos dos titulados 2005-2006 para cada un dos títulos.

Entre xuño e setembro do 2008 procedeuse ao envío do informe correspondente aos titulados 2003-2005, onde se incluían os resultados principais obtidos para o título, para o título dentro do SUG, para a rama de coñecemento dentro da cal estaba englobada o título e para o global do SUG.

#### **Comparativa dos estudos de inserción laboral:**

A seguir presentamos a evolución obtida con respecto á mostra enquisada nos estudos de inserción laboral realizados até o momento sen perdermos de vista a poboación obxecto de estudo. Como se pode observar na gráfica correspondente á porcentaxe de titulados enquisados, a porcentaxe aumenta considerablemente no último estudo, o cal garante a representatividade de todos os títulos.



Gráfico 5: Poboación nos respectivos estudos de inserción laboral

### Poboación nos respectivos estudos de inserción laboral






Gráfico 6: Número de enquisas realizadas nos respectivos estudos de inserción laboral

### Número de enquisas realizadas nos respectivos estudos de inserción laboral



ACTIVIDADES E PROGRAMAS  
REALIZADOS EN 2008



**Outros estudos realizados:**

A finais do ano 2008, a pedimento do Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia e do Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia, coa colaboración do Observatorio Galego da Sociedade de Información, a Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia e a Consellería de Innovación e Industria comezouse o estudo da situación laboral nas enxeñarías en informática de Galicia. A elaboración do informe final de resultados será realizado pola ACSUG e hase presentar, previsiblemente, no ano 2009.

Por outra banda, a ACSUG, ao igual que nos anos anteriores, continúa coa colaboración na procura e catalogación de documentos relacionados co tema de inserción laboral, dentro do Observatorio Universitario de Inserción Laboral ([www.insercionlaboral.net](http://www.insercionlaboral.net))

**Informe sobre o estado da avaliación externa da calidade nas universidades españolas. 2008**

En marzo de 2008 creouse un grupo de traballo formado por todas as axencias de avaliación e coordinado pola ANECA para a elaboración do Informe sobre o estado da avaliación externa da calidade nas universidades españolas. A publicación deste informe responde ao compromiso de transparencia e rendición de contas que teñen adquiridas todas as axencias de calidade e con el preténdese ofrecer á sociedade e aos órganos de decisión das administracións públicas, datos e conclusións de interese sobre o estado da avaliación externa da calidade nas universidades españolas.

No devandito informe, cuxos datos abranguen até maio de 2008, revísanse, entre outros aspectos, a implantación de sistemas de garantía de calidade nas universidades e os resultados desprendidos da avaliación de programas formativos oficiais (de grao, mestrado e doutoramento). Así mesmo, obsérvanse as avaliacións do

persoal docente e investigador realizadas polas axencias de avaliación para distintos fins, que van desde a acreditación nacional para o acceso a corpos docentes, até a avaliación de méritos previa á contratación ou á adxudicación de complementos retributivos. Finalmente, recóllense algúns retos de futuro relacionados co seguimento das ensinanzas acreditadas e dos sistemas de garantía de calidade da formación.

### Observatorio de Ciencia e Tecnoloxía Universitario de Galicia (OCTUGA)

A ACSUG encargouse durante o ano 2008 da recollida, tratamento e actualización dos datos que nutren o Observatorio de Ciencia e Tecnoloxía Universitario de Galicia (OCTUGA) ([www.octuga.es](http://www.octuga.es)), e mais do mantemento e actualización da propia aplicación.

### Enquisas de satisfacción

A ACSUG leva a cabo enquisas aos grupos de interese en relación cos informes e actividades da Axencia. Para alén diso, tamén se dispón dunha caixa de correo de suxestións na páxina web co fin de facilitar o contacto cos colectivos do SUG.

Deste xeito, durante o ano 2008 realizáronse un total de oito procesos de medición de satisfacción.

Táboa 19: Enquisas realizadas pola ACSUG

ACTIVIDADE	ENQUISAS ENVIADAS	DATA DE ENVÍO	ENQUISAS RECIBIDAS	% ENQUISAS RECIBIDAS	MEDIA (De 1 a 5)
AVALIACIÓN DOS POP (3ª CONVOCATORIA)	12	21/01/2008	11	91,67	4,89
XORNADA FORMACIÓN PARA OS AVALIADORES DE FIDES-AUDIT	8	19/02/2008	8	100,00	4,89
CURSO AVALIADOR EFQM NIVEL acreditado	11	18/06/2008	11	100,00	4,50
II FASE DA 1ª CONVOCATORIA DO PROGRAMA FIDES-AUDIT	8	04/09/2008	8	100,00	4,96
AVALIACIÓN PREVIA RELATIVA AO COMPLEMENTO DE EXCELENCIA CURRICULAR (1 C-2008)	10	07/10/2008	10	100,00	4,85
AVALIADORES CONSOLIDACIÓN DE UNIDADES DE INVESTIGACIÓN 2008	18	08/10/2008	15	83,33	4,69
CONSOLIDACIÓN DE UNIDADES DE INVESTIGACIÓN 2008	6	19/11/2008	6	100,00	4,93
AVALIADORES PROFESORADO 1 A-08	27	24/11/2008	19	70,37	4,52

07



## Publicacións

No ano 2008 a ACSUG realizou as seguintes publicacións:

### POSGRADOS



#### **Avaliación institucional**

**Título:** Informe final do Programa de Avaliación Institucional (PEI-ACSUG) 2004-2007

**Páxinas:** 185

**Ano:** 2008

**Depósito Legal:** C3646-2008



#### **Inserción laboral**

**Título:** Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2003-2005

**Páxinas:** 151

**Ano:** 2008

**Depósito Legal:** C 4301-2008

**ISBN:** 978-84-691-5039-9

### SGIC



**Título:** Accedendo ao mercado laboral: un estudo por titulacións 1996-2003

**Páxinas:** 116

**Ano:** 2008

**Depósito Legal:** C 2812-2008

**ISBN:** 978-84-691-5041-2



#### **Outras publicacións**

**Título:** Memoria de actividades 2007

**Páxinas:** 69

**Ano:** 2008

**DL:** C-1602-2006

**Contido:** Memoria de actividades da ACSUG do 2005



## Convenios

Durante o ano 2008, a ACSUG incidiu na colaboración con outros organismos e procedeuse á sinatura de oito convenios de colaboración.

Táboa 20: Convenios asinados pola ACSUG

CONVENIO	CONTIDO	DATA
Convenio de colaboración entre a ACSUG e a Universidade de Oviedo para a avaliación por parte da primeira de títulos propios de posgrao da Universidade de Oviedo.	Avaliación por parte da ACSUG de títulos propios de posgrao da Universidade de Oviedo.	26/03/2008
Convenio específico de colaboración entre a USC e a ACSUG.	Realización do estudo Análise da inserción laboral dos titulados no SUG 2005-06.	01/07/2008
Convenio específico de colaboración entre a USC e a ACSUG para o desenvolvemento e a implantación dos sistemas de garantía interna de calidade (SGIC) dos títulos.	Colaboración entre a ACSUG e a USC para o desenvolvemento e a implantación dos sistemas de garantía interna de calidade (SGIC) dos centros e títulos universitarios.	01/09/2008
Convenio específico de colaboración entre a UVI e a ACSUG para o desenvolvemento e a implantación dos sistemas de garantía interna de calidade (SGIC) dos títulos.	Colaboración entre a ACSUG e a UVI para o desenvolvemento e a implantación dos sistemas de garantía interna de calidade (SGIC) dos centros e títulos universitarios.	01/09/2008
Convenio específico de colaboración entre a UDC e a ACSUG para o desenvolvemento e a implantación dos sistemas de garantía interna de calidade (SGIC) dos títulos.	Colaboración entre a ACSUG e a UDC para o desenvolvemento e a implantación dos sistemas de garantía interna de calidade (SGIC) dos centros e títulos universitarios.	01/09/2008
Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Consellería de Innovación e Industria, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña e a Universidade de Vigo, polo que se modifica o convenio do 30 de xaneiro de 2001 para a creación da ACSUG.	Referendar o acordo alcanzado no Consello de Dirección do 14 de xullo de 2008 de modificación dos estatutos de ACSUG, de xeito que a finalidade primordial desta reforma é garantir que a ACSUG actúe con total independencia no exercicio das súas funcións, respecto das universidades e demais axentes e institucións implicadas no ámbito da educación superior.	01/12/2008
Convenio específico de colaboración entre a UVI e a ACSUG para a avaliación das persoas candidatas ao programa especial de promoción do PDI da UVI.	Colaboración entre a ACSUG e a UVI na avaliación dos méritos curriculares das persoas candidatas ao programa especial de promoción da UVI.	18/12/2008

09



## Cursos, xornadas e seminarios

### Xornadas organizadas pola ACSUG

Táboa 21: Xornadas organizadas pola ACSUG

DATA	ACTIVIDADE	LUGAR
Do 01/01/2008 ao 30/06/2008	Curso de inglés para o persoal da ACSUG	ACSUG
19/02/2008	Xornada de formación para as comisións de avaliación do programa AUDIT	ACSUG
05/05/2008	Curso de formación para coordinadores de CallCenter.	Ourense
27/11/2008	Curso de primeiros auxilios para o persoal da ACSUG	ACSUG

### Participación en xornadas, cursos, seminarios... en Galicia

Táboa 22: Participación en xornadas, cursos, seminarios... en Galicia

PARTICIPACIÓN EN XORNADAS, CURSOS, SEMINARIOS... EN GALICIA		
DATA	ACTIVIDADE	LUGAR
Do 01/10/2007 ao 29/02/2008	Curso de formación sobre linguaxe de programación Java	Academia PC Carrier
Do 21/01/2008 ao 25/01/2008	Xornada sobre a nova Lei de contratos do sector público e os entes instrumentais	Xunta de Galicia
Do 21/01/2008 ao 11/04/2008	Curso de calidade	Confederación de Empresarios da Coruña
Do 28/02/2008 ao 01/04/2008	Manual Ambiental da Empresa	Confederación de Empresarios da Coruña
24/03/2008	Relatorio "Ordenación das ensinanzas universitarias" por parte do director da ACSUG	COETICOR
26/03/2008 27/03/2008	Xornadas "Cumprindo con Europa: A contratación pública de hoxe"	EGAP. Santiago de Compostela

**PARTICIPACIÓN EN XORNADAS, CURSOS, SEMINARIOS... EN GALICIA**

Táboa 22: Participación en xornadas, cursos, seminarios... en Galicia (cont.)

DATA	ACTIVIDADE	LUGAR
04/04/2008	Relatorio: "A inserción laboral das graduadas e graduados do Sistema Universitario Galego"	Facultade de Ciencias da Educación. Campus Sur. Santiago de Compostela
Do 11/04/2008 ao 13/04/2008	Participación no Forum Orienta 2008	Vigo
18/04/2008	Participación no IV Encontro Tecnolóxico Empresa-Universidade	Ferrol
Maio e xuño de 2008	Obrigas Legais en Protección de Datos	Teleformación
Maio e xuño de 2008	Implantación de Protección de Datos	Teleformación
21/05/2008 22/05/2008	I Foro Hispano-Iberoamericano de Protocolo Corporativo	Facultade CC. Sociais e da Comunicación (Pontevedra)
Do 11/06/2008 ao 13/06/2008	Protocolo nun Mundo Multicultural	Alcabre (Vigo)
17/06/2008 18/06/2008	EFQM-Avaliador de Nivel Medio	ACSUG
04/07/2008	V Xornadas de Presentación e Introducción ao Uso dos Datos da Web of Knowledge	FECYT (Santiago)
10/07/2008	Asistencia do director da ACSUG á inauguración das XVII Xornadas da Asociación de Economía da Educación	Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais (USC)
Do 27/10/2008 ao 20/11/2008	Programación Java. Análise Orientada a Obxectos con UML	Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia (Santiago)
06/11/2008	Formación relativa á aplicación informática: AENEIS	ACSUG
11/11/2008	Asistencia do director da ACSUG ao II Foro de Emprego, en que participou co relatorio "Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2003-005"	USC (Campus de Santiago de Compostela)
13/11/2008	Participación no II Foro de Emprego nunha mesa redonda co relatorio "Que demandan as empresas aos recentemente titulados"?	USC (Campus de Lugo)
16 e 17/11/2008	Xornadas sobre a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia	EGAP
18/11/2008	Introdución á protección de datos, especial referencia ao novo regulamento	Santiago
Do 24/11/2008 ao 04/12/2008	Seminario sobre os Entes Instrumentais da Administración	EGAP

## Participación en xornadas, cursos, seminarios; fóra de Galicia

Táboa 23: Participación en xornadas, cursos, seminarios,... fóra de Galicia


PARTICIPACIÓN EN XORNADAS, CURSOS, SEMINARIOS; FÓRA DE GALICIA		
DATA	ACTIVIDADE	LUGAR
06/02/2008	Xornada de formación para os secretarios/as do programa AUDIT	ANECA (Madrid)
14/04/2008 15/04/2008	Asistencia á reunión anual "ENQA IQA group"	Barcelona
30/06/2008 01/07/2008	Xornadas sobre a Garantía de Calidade das Universidades	UIMP (Santander)
10/07/2008 11/07/2008	Participación no "First external evaluations of quality assurance agencies-lessons learned"	París
11/09/2008 12/09/2008	Participación no Encontro Internacional sobre Calidade na Educación Superior	URJC (Madrid)
25/09/2008 26/09/2008	Participación no "Tenth ENQA General Assembly"	Viena
09/10/2008 10/10/2008	X Foro de Almagro: Os sistemas de información para a garantía da calidade das ensinanzas universitarias	Almagro
16/10/2008 17/10/2008	Asistencia do director da ACSUG ao obradoiro de AQU sobre o profesorado universitario	Girona
Do 19/11/2008 ao 23/11/2008	Participación no "3º European Quality Assurance Forum"	Budapest

10



## Ingresos e gastos do exercicio

O financiamento da ACSUG provén, na súa maioría, das contribucións dos seus entes consorciantes. Unha parte deste financiamento vén reflectida nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia, mentres que o resto corresponde a convenios de colaboración para o desenvolvemento das diferentes actividades asignadas á ACSUG.



O control orzamentario levado a cabo permite coñecer en cada momento o custo de cada unha das actividades realizadas e facer previsións para conseguir un gasto eficiente e responsable.

A continuación, detállase a liquidación do orzamento de gastos do exercicio 2008:

GASTOS-Clasificación económica		IMPORTE
CAP. I.	Gastos de persoal	510.653,66
CAP. II.	Gastos correntes en bens e servizos	327.542,76
CAP. VI.	Investimentos reais	53.778,86
<b>TOTAL</b>		<b>891.975,28</b>

GASTOS-Clasificación por programas		IMPORTE
1.	Órganos de Goberno e Dirección	97.335,39
2.	Unidade de Profesorado	137.304,88
3.	Unidade de Programas	407.586,43
4.	Unidade de Xestión	236.660,40
5.	Actividades externalizadas	13.088,18
<b>TOTAL</b>		<b>891.975,28</b>

As contas anuais e a liquidación do presuposto audítanse anualmente. Unha vez rematado o proceso de auditoría, esta documentación remítese, xunto co informe dos auditores, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e ao Consello de Contas de Galicia, para o seu coñecemento.

